



XXIII DIA DA CIENCIA NA RUA



Sábado, 5 de maio de 2018.

Parque de Santa Margarita. De 11 da mañá a 7 da tarde.

Organizan



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



MUSEOS
CIENTIFICOS

CORUÑA
>PRÓXIMA



Amigos de la
Casa de las Ciencias
Asociación

XXIII DIA
DA CIENCIA
NA RÚA

A Coruña, 5 de maio de 2018

A Coruña é unha cidade que se atreve a saber, a coñecer e a experimentar. Así foi cando Alexander von Humboldt partiu do noso porto o ano 1799 para afrontar unha das expedicións científicas máis importantes de todos os tempos. Ese impulso tamén levou á Expedición Balmis, na que participou a nosa veciña Isabel Zendal, a chegar aos territorios de ultramar coa vacina da varíola. Ambas as dúas investigacións, que cambiaron o rumbo da nosa historia, partiron do noso porto, da nosa cidade. Dúas expedicións que hoxe lembramos no noso ruciro, coas novas placas que lembran a viaxe do naturalista na vía que leva o seu nome, pero tamén co recoñecemento de Zendal quen, desde o mes de abril, ten por fin unha rúa que recoñece o seu papel fundamental para o avance da ciencia.

A Coruña é unha cidade de vangarda, de ciencia e de innovación. Un recoñecemento que chega non só pola excelencia dos seus Museos Científicos, senón tamén pola súa aposta pola experimentación. Tamén desde as idades máis novas. Sempre é unha boa nova a celebración do Día da Ciencia na Rúa, ategada de alumnado e profesorado de toda a provincia, cuxa curiosidade non ten límites. Como a de todas e todos aqueles cuxo labor permitiu á nosa sociedade avanzar. Por iso creo que non hai lugar máis acaído que o parque de Santa Margarita para a súa celebración, un espazo verde e aberto á veciñanza que, tamén deste ano, no seu Paseo das Ciencias, recoñece á eminente bióloga Ángeles Alvariño González.

Ela, xunto á matemática María Wonenburger, son dúas das mulleres científicas que gozan de maior recoñecemento na nosa cidade. Pero queda moito por facer. Desde o Concello traballamos arreo para visibilizar o labor de todas aquelas mulleres que contribuíron á transformación da nosa realidade. Como Isabel Zendal e como tantas outras. E facémolo coa firme convicción de que o acceso ao coñecemento, a educación, é a ferramenta máis poderosa para medrar e acadar unha sociedade con máis capacidade crítica e, por tanto, máis xusta e igualitaria.

Agardo que sexamos quen de acompañar e apoiar ás novas xeracións para que, algún día, o noso ruciro e tamén os paseos de Santa Margarita estean ategados de mulleres que fixeron da Coruña unha cidade de ciencia os 365 días do ano.

Xulio Ferreiro Baamonde
Alcalde da Coruña

O 13 de xullo de 2018 a Asociación de Amigos da Casa das Ciencias cumpre 25 anos, unha idade importante. Tratando de conmemoralo como se merece, pensamos en darlle brillantez a esta celebración con actuacións específicas no XXIII Día da Ciencia na Rúa. Unha delas será a fotografía que desde un dron farase dos visitantes, e que servirá de portada á revista dixital que estamos preparando para a nosa web.

Os XXIII anos do Día da Ciencia na Rúa tamén teñen un peso específico na cidade, polo que queremos darlle o maior contido posible para que a afluencia sexa máxima. En 2018 contamos con máis centros participantes, co que o número de alumn@s increméntase de xeito importante. Esperamos que isto faga que o número de visitantes tamén creza. Só queda que o tempo acompañe, para que gocemos dunha xornada do agrado de todos: participantes e visitantes.

Javier Novelle

CENTROS E
ENTIDADES
PARTICIPANTES

1. COLEXIO MARISTAS CRISTO REI

O Colexio Plurilingüe Marista Cristo Rei é un centro de Educación Secundaria e Bacharelato. Somos un centro católico que se preocupa esencialmente de que a educación en valores sexa de vital importancia, ofrecendo aos alumnos a posibilidade de participar en obradoiros de Interioridade”.



ACTIVIDADES

- Perigo, toallñas!
- Sacamos o mellor (e peor) de ti.
- Auga que non has beber...
- Motor combustión vs. motor eléctrico.

ALUMNADO

Álvaro Vera, Antón Fernández, Carla Iglesias, Carolina Sanmartín, Christian Gutiérrez, David Rodríguez, Enrique Boquete, Fernando Rodríguez Botana, Hugo Fontenla, Iker Seoane, Julia Pérez, Lara Regueiro, Laura Jiménez, Lucía Docampo, Lucía Patiño, Lucía Ramos, María Peón, María Regueiro, Marta Antelo, Marta Pose, Matías Ocampo, Melissa Calviño, Noa Rodríguez, Pablo Otero, Pablo Rodríguez Rodríguez, Rafael Martínez, Silvia Ramos, Silvia Vázquez.



PROFESORADO

Cristina Suárez, Jose Carlos Sánchez, Nuria Caramés, Sandra Taboada, Simón Garrido.



2. CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (ATOCHA). BETANZOS



Colegio concertado que imparte os seguintes niveis: EI, EP, ESO e Bacharelato; con servizo de comedor, transporte escolar e actividades extraescolares. Metodoloxías interactivas, proxectos e cultura de pensamento.

ACTIVIDADES

- Explicación da transmisión do impulso nervioso, mediante unha neurona feita con leds.
- Cómo inflúe o calcio na transmisión do impulso nervioso?, e na contracción muscular? Quen controla o nivel de calcio en sangue?
- Experimentos con líquidos de diferentes densidades entre outras actividades.

ALUMNADO

Alejandra Fernández Ortega, Carmen Díaz Amor, Diego Fernández Muíño, Elena Freire Giardina, Inés Martínez Iglesias, Inés Pérez Prado, Javier Borrazás Doldán, Julián García Gómez, Lara Sánchez López, Lucía Ois Castrillón, Lucía Sánchez Estrada, Martín García Sánchez, Martín Pereiro Lagares, Natalia García Velo, Pablo Tomé García, Rebeca Bouza Bonilla, Rosalía Suárez Sánchez, Sergio Miranda Rodríguez, Yessica Sánchez Manteiga.

PROFESORADO

M^a del Carmen Romeu Valiño, Carlos M. Iglesias Candal, M^a del Carmen Cal Crespo.



3. COLEXIO PLURILINGÜE SAGRADO CORAZÓN. MM FRANCISCANAS

Congregación relixiosa franciscana que busca a formación integral cristiá do alumnado. Aplicamos unha pedagogía centrada no alumnado, esixente, creativa e innovadora. Motivamos o esforzo persoal, traballo constante, disciplina e responsabilidade.



ACTIVIDADES

- Experimentamos co deseño de estruturas móbiles, a hidráulica, a compresión dos gases e a electricidade
- Construimos un xogo que nos gusta a todos
- As avespas asiáticas. Como acabar con elas? Queres ver un enxame niño deste tipo de avespas?
- Fabricar bolsas de calor con acetato de sodio
- Serías capaz de fabricar unha pila con limóns? E con humanos?

ALUMNADO

Adrián, Alba, Alejandra, Álvaro, Andrea, Andrés, Ángel, Antía, Antonio, Arantxa, Beatriz, Candela, Carlos, Carmen, Clara, Claudia, Cristina, David, Diego, Eduardo, Elena, Érica, Guillermo, Gustavo, Hugo, Inés, Irene, Iván, Jael, Joel, Johana, Kirsas, Lia, Lidia, Lorena, Lucas, Lucía, Marcela, María, Mariña, Marta, Martina, Michel, Mireya, Nahir, Nerea, Noelia, Nerea, Nuria, Oriana, Patricia, Paula, Pedro, Pilar, Sandra, Sara, Sofía, Vanessa, Vicky, Victoria, Zaira.



PROFESORADO

Amaia Alcalde, Elisabeth Fuentes, Isabel Molins, María José Suárez, Modesto Espasandín, Noemí González.

4. COLEXIO INTERNACIONAL EIRÍS



É un colexio privado que pertence á Institución Internacional Sek, que cumpre este ano o seu 125 aniversario e que conta con 24 colexios en 16 países dos 4 continentes. Promovemos un ensino de calidade onde o centro do proceso educativo é o alumnado.

ACTIVIDADES

Tema: Os Ciclos: - Ciclo térmico, motor Stirling. Tren electromagnético - Ciclo da vida, a mitose - Ciclos e ondas, cubeta de ondas e xerador de ondas estacionarias - Taller de robótica - Ponte autoportante. Leonardo da Vinci - Taller de música - Taller de actividades de Educación Infantil, encamiñado a espertar o seu interese pola ciencia.

ALUMNADO

Alan Ferreiro, Alejandro Novás, Alejandro Palacios, Ana Yepes, Antón Pernas, Carlos González, Enma Gonzalo Freire, Iria Li, Iria Martínez, Lucía Coiradas, Mara Sierra, María Bouza, María Cañizo, María Vázquez, Marta Lasierra, Martín García, Miranda García, Rafael Rivero, Samuel Regueira, Sofía Novo.

PROFESORADO

Alfonso Iglesias, Alicia del Castillo, José A. López, Raquel, Vanesa Panceira. Equipo de Infantil.

5. CPR PLURILINGÜE ANDAINA CULLEREDO

Somos un centro concertado xestionado por unha cooperativa de ensino, cos mesmos valores que compartimos como profesionais da educación (corresponsabilidade, traballo en equipo, respecto pola diversidade), un proxecto con máis de 20 anos de traxectoria desde EI ata ESO.



ACTIVIDADES

As nosas aves: actividades diversas arredor das aves que podemos observar en Galicia - Experimentamos coa auga (hidrostática e densidade): prensa hidráulica, columna de densidades, tensión superficial - A presión atmosférica e os gases: o experimento de Torricelli, globos aerostáticos - Reaccións químicas maravilosas: cambios de cor, transformacións, precipitacións.

ALUMNADO

Aldara Raso, Antía Riestra, Antón Seoane, Aroa B. Fontela, Cecilia Da Torre, Claudia Rodríguez, Dulce Ferreira, Elba Reboredo, Estrela Bermúdez, Iago Vila, Isaac Fudili, Lucía Añón, Lucía Pardo, Lucía Prada, Martín Aparicio, Mateo Martínez-Gil, Mateo Suárez, Nicolás Figueroa, Noa Sande, Nuria Yáñez, Oscar Barbeito, Pablo Balsa, Pablo Carrasco, Pablo Sánchez, Rene H. Seijas, Roque Chouciño, Sara Taibo, Sara Vila, Uxía López.



PROFESORADO

Pilar Domínguez Orihuela, Roberto Figueroa Suárez.



6. COLEXIO OBRADOIRO



Ofrece un programa de formación integral no que a educación en valores, a música, o deporte e as actividades culturais sitúanse no mesmo nivel que a formación académica, ao estar integradas na xornada escolar obrigatoria do centro.

ACTIVIDADES

- Experimentando coa física.
- Experimentando coa química.
- Experimentando coa bioloxía.

ALUMNADO

Alumnos e alumnas de 1º a 4º de ESO. Alicia Aguiar: Levantamento de pesos. 6º E.P. Lucía Aguiar: A mecánica da auga. 6º E.P. Rodrigo Penide: O Hyperloop 6º E.P.

PROFESORADO

Alexis Varela, Consuelo Gajino, David Romero, J.A. Campos, Jonás González, Rafa Couñago



7. COLEXIO CALASANZ. PP ESCOLAPIOS

Somos unha escola de Igrexa que, seguindo o proxecto educativo de Xosé de Calasanz, fundador da primeira escola gratuíta para as persoas máis necesitadas, propugna unha educación integral, pluralista e non discriminatoria para cambiar a sociedade mediante a piedade e as letras.



ACTIVIDADES

- Visionado de células humanas con métodos caseiros.
- Mostras para visionado en lupa binocular e microscopio.
- Fornos solares como aplicacións positivas do efecto invernadoiro.
- Semáforo químico para o estudo do pH en distintas disolucións.
- Paneis sobre estudos estatísticos.

ALUMNADO

Alba Veiga Cruz, Alejandro Doval Barreiro, Alicia Tahoces Rodríguez, Álvaro Sancosmed Parada, Andrea Colinas Castro, Cristina Rego Díaz, Diego Pérez Varela, Javier Fernández Pintor, Juan Torres Oróns, Laura Mespellet Vilas, Manuel Fernández Ferreiro, Martín Varela Panceira, Miriam Puebla Gil, Mónica Santiso Ventura, Pablo Nicolás Enriquez Cotelo, Patricia De la Orden Rama. Alumnado 3ºESO. Alumnado 4ºESO.



PROFESORADO

Antonio Arregui Iglesias, Beatriz López Calviño, Jacobo Otero Romaní, José Antonio García García.

8. COLEXIO DE FOMENTO MONTESPIÑO

Colexio concertado situado na Zapateira. Dispón das etapas educativas de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato. A competencia plurilingüe, tecnolóxica e o deporte están ao servizo da excelencia educativa, da educación personalizada e completa.

ACTIVIDADES

Todo é Ciencia. Diversas actividades que nos demostran que todo o que nos rodea é ciencia, desde os aspectos máis complexos do universo ata aspectos relacionados coa nosa vida cotiá. Ciencia no máis amplo sentido da palabra, non só as ciencias experimentais.

ALUMNADO

3º ESO, 4º ESO.

PROFESORADO

M^a Antonia Peris Pérez, María Garrote Recarey, Vanesa Rivas Neira, Virginia Chouciño Iglesias.



9. COLEXIO A GRANDE OBRA DE ATOCHA

“O mellor libro do maestro: o neno”, as verbas do noso fundador, don Baltasar Pardal, guían a acción educativa do noso centro no século XXI. Nun proceso de actualización metodolóxica continua incentivamos o xurdir de vocacións científicas mediante traballo cooperativo e por proxectos, SEM, destrezas.

ACTIVIDADES

- Depuración de auga.
- Indicador de pH.
- Presión atmosférica.
- Vermes da seda.
- Estratigrafía e fósiles guía.
- Robots.

ALUMNADO

Alumnos e alumnas de 6º de Primaria, ESO e Bacharelato.

PROFESORADO

Luisa Morgade Cuña, Manuel Vázquez Barral, María Teresa Castro Giadans, Natalia Bello Frade.



10. COLEXIO FILLAS DE XESÚS

O colexio Jesuitinas é un colexio concertado de Educación Infantil e Primaria cun proxecto educativo cristián, sito na Zapateira. Conta con catro liñas, desde o 2º ciclo de Educación Infantil ata o término da Educación Primaria, recibindo o alumnado formación en valores humanos e cristiáns.

ACTIVIDADES

As actividades son realizadas polos alumnos e alumnas de 6º de Primaria que se xuntan en pequenos grupos para levar a cabo os diferentes experimentos. Estes grupos xestiónanse mediante o traballo cooperativo que vimos desenvolvendo habitualmente no colexio. Entre os diferentes traballos pódense atopar: maquetas, circuítos eléctricos, robótica, experimentos e reaccións químicas, usos da electricidade e magnetismo.

ALUMNADO

Alumnado de 6º de primaria.

PROFESORADO

José Manuel López Montero e Yolanda Penas Sánchez.



11. CPR PLURILINGÜE KARBO

Somos un centro concertado plurilingüe, situado na zona dos Mallos na Coruña, que se puxo en marcha no ano 1966. Comprende os niveis de EI, EP e FP. Contamos con servizo de madrugadores, comedor, autobús escolar e actividades extraescolares. Visítenos en www.colexio-karbo.com



ACTIVIDADES

- Cada curso realizará diferentes actividades relacionadas con aspectos científico-matemáticos que terán como fío condutor a realización de diversos circuitos eléctricos (nalgúns casos) que permitirán realizar diversas actividades de divulgación científica dunha forma lúdica e educativa para todas as persoas que nos visiten.

ALUMNADO

Alumnos e alumnas de 3 , 4 , 5 e 6 EP.

PROFESORADO

Cristina O. López Eres, Lorena Maciñeiras, Mariana Visites Sixto, Rebeca López Otal.



12. CPR LICEO “LA PAZ”



Leva 50 anos ofrecendo un sistema educativo que non só busca o desenvolvemento intelectual do alumnado senón tamén un progreso integral a través dos seus valores, incorporando as melloras necesarias para que alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse na vida actual.

ACTIVIDADES

- Casa domotizada - Exposicións de células e traballos - Robótica: pantalla LCD. Bóla POV - Experimentos con fluídos - Cocíña solar - Ponte con estrutura triangulada.

ALUMNADO

Alumnos e alumnas de Bioloxía de primeiro e cuarto de ESO e primeiro de Bacharelato. Tecnoloxías de segundo e terceiro de ESO e primeiro de Bacharelato. Robótica de primeiro de Bacharelato e actividade extraescolar. Física e Química de cuarto de ESO e primeiro de Bacharelato.

PROFESORADO

Profesorado dos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Tecnoloxías e Robótica.



13. CPR PLURILINGÜE ESCLAVAS

Promovemos a formación integral dos alumnos e alumnas de acordo cunha concepción cristiá. Ofrecemos unha educación de calidade, actualizada e competencial, integrando os aspectos positivos das ensinanzas tradicionais cunha metodoloxía innovadora.



ACTIVIDADES

- Descubre ao asasino: a través dunha serie de probas e preguntas sobre os grupos sanguíneos.
 - Xogando coa herencia: as persoas participantes analizarán cómo herdamos os caracteres faciais máis comúns.
 - “Forzas para futuros enxeñeiros: áxil, flexión e pandeo”.
- Construción de estruturas para comprobar de forma práctica como se reparten as forzas.

ALUMNADO

Alumnos e alumnas da ESO e Bacharelato.

PROFESORADO

María Poisa, José Rebollo, Víctor Lema.





14. COLEXIO PLURILINGÜE COMPAÑÍA DE MARÍA



Colexio plurilingüe, concertado nos niveis de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO, e privado en Bacharelato. A Compañía de María, fiel ás súas orixes, pon ao servizo da sociedade e da Igrexa o seu patrimonio educativo de máis de catrocentos anos.

ACTIVIDADES

- “Clash botyale”: actividade de robótica que fai unha parodia do xogo clash royale.
- “Circuitos eléctricos creativos”: actividade de pre-robótica na que integran circuitos eléctricos sinxelos e creativos.
- “Matemaxia”: números de maxia, trucos, adiviñas e xogos mentais de lóxica e enxeño.
- “Super-reactivos”: reaccións químicas con substancias e obxectos que temos nas nosas casas.

ALUMNADO

Alumnado de Educación Primaria, ESO e Bacharelato.

PROFESORADO

Ángel Fernández, Carolina Figueroa, Emilia Dequidt, Gabriel Ferreiro, Gemma Martínez, Pepa de Soto.



15. COLEXIO PLURILINGÜE SANTO DOMINGO FESD



Colexio situado no corazón da cidade vella da Coruña. Somos un centro plurilingüe concertado en Infantil, Primaria e Secundaria; privado en Bacharelato. Orgullosos da calidade humana de toda a comunidade educativa e dos bos resultados obtidos en probas externas de avaliación.



ACTIVIDADES

- Seremos capaces de descompoñer un vaso de poliespan?
- Que efectos teñen as toallitas húmidas vertidas no medioambiente?
- Que son máis perigosas para o medioambiente as toallitas húmidas ou o papel hixiénico?

ALUMNADO

Alumnado desde 4º de Educación Primaria a Segundo de Bacharelato. Cada curso mostrará as prácticas científicas realizadas dentro da aula; prácticas e proxectos cos que o profesorado tentamos ensinar a cara máis práctica da ciencia.



PROFESORADO

Guillermo Saavedra
Sánchez, Johanna González
Llera, Jorge Rivero Carnota,
Laura Seoane Conde.

16. CPR CID

Centro concertado, pequeno e familiar, dunha soa liña, cos niveis dende 4º EI ata 6º EP. Isto favorece unha educación individual e personalizada, dentro dunha gran familia, na que o desenvolvemento non só é a nivel académico senón tamén a nivel persoal.

colegio-cid.blogspot.com.es

ACTIVIDADES

As actividades realizadas polo noso alumnado parten dun punto en común: a importancia da nosa Terra e a súa relación co ser humano. Con elas achegarémonos aos procesos e riscos naturais, á relevancia dos procesos atmosféricos no cambio climático, á relación dos procesos da hidrosfera co impacto humano, ás funcións da biosfera e aos recursos enerxéticos terrestres.

ALUMNADO

Alumnos e alumnas do actual curso escolar 2017-2018, dende 1º a 6º de Educación Primaria.

PROFESORADO

Adriana López, Helena Grobas, Luz Paz, María Botana, María Ouro, Marta Pérez, Susana Navedo.



17. COLEXIO NOSA SEÑORA DO ROSARIO. ARZÚA



Imparte ensinanzas dende Infantil ata a ESO. Dispón de servizo de comedor e transporte. Apostamos por unha educación integral, sendo fieis á pedagogía do seu fundador, don Baltasar. Empregamos metodoloxías de aprendizaxe cooperativo e por proxectos.

ACTIVIDADES

- A química do queixo: reaccións químicas implicadas no proceso
- Columna de densidades empregando distintos líquidos - Efectos dos incendios sobre os ecosistemas. Maquetas explicativas - Arte en holograma: xerar unha imaxe na gama de pinturas e animacións en vídeos sobre distintas obras de arte - Rosco de pasapalabra coa temática de mulleres científicas - Creación dun slime caseiro - Xeometría das pompas de xabón.

ALUMNADO

Alicia Rodríguez, Andrés Carneiro, Anxo Mejuto, Blas Baqueiro, Brais Furelos, Cristina Z. Varela, Daniel Vidal, Denís Fanale, Héctor Quintián, Iker López, Inés Lamas Taboada, Iván Iglesias, Jaday Iglesias, Laura Díaz, Laura García, Lucas Senín, Lucía Díaz, Lucía Roridguez, Manuel Alamancos, María Vázquez, Mariana Méndez, Marina Mato, Marina Villar, Miguel Reveillere, Nahum Ayude, Nazaret Pico, Pablo Balado, Xoel Quintela, Pablo García, Pablo García, Sofía Brandariz, Santiago Pumar, Uxía García.



PROFESORADO

Andrés Pérez, Laura Meijide, M^a del Carmen Valiño, Natalia Pereira, Raimundo Adolfo García.



18. CPR PLURILINGÜE VALLE-INCLÁN 1 FERROL



Centro privado concertado laico con Educación Infantil, Primaria e Secundaria, cun ensino totalmente gratuíto e xornada única de mañá. É un centro familiar e aberto, no que o alumnado e as súas familias se sinten cómodos e participan activamente no proceso educativo.

ACTIVIDADES

- O magnetismo: maxia ou realidade... Unha das propiedades do magnetismo é que amosa, mediante feitos irrefutables, que a maxia...EXISTE!!

Xogaremos un pouco con imanes para construír motores, trens de levitación... Ademais contaremos cun pequeno taller onde os máis pequenos poderán materializar os seus deseños e recordar ao magnetismo como esa poderosa forza que fai que certos elementos sexan atraídos polos refrixeradores.

ALUMNADO

Adrián Montero Santamariña, Alba Rey Rodríguez, Alberto Rodríguez Fernández, Alejandro Roca Feijoo, Antón Pardavila Carbajales, Anxo Pita López, Bruno Sánchez Vázquez, Celia Bouza Gabia, Cristina López Bouza, Enrique Freire Fernández, Estela Suárez Díaz, Judit Penedo Puentes, Manuel Pérez Leira, Noelia Bouzón Díaz, Sergio Ruza Medín, Tamara Santalla Medín, Uxío Valiño García.

PROFESORADO

David García Calvo, Paula García Díaz.

19. CPR CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA



É un centro de formación profesional, cunha traxectoria de máis de máis 30 anos na Coruña formando profesionais na área da saúde: técnicos en coidados auxiliares de enfermería, técnicos en farmacia e parafarmacia, e técnicos superiores en imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.



ACTIVIDADES

- Taller de enfermería: cálculo do índice de masa corporal, peso, talla, tensión arterial
- Taller de farmacia: elaboración de crema de mans e elaboración dun perfume, simboloxías dos medicamentos, Sigre
- Taller de imaxe para o diagnóstico: latexos do corazón, manifestacións da electricidade estática e como facer unha radiografía.

ALUMNADO

Alba Castelo Suárez, Ana López Vázquez, Andrea Rama Rodríguez, Antía Otero Villares, Celia Boquete García, Estefanía Mosquera Vázquez, Estefanía Veiga Capelán, Helena Varela García, Laura Paz Rodríguez, Lucía González Juncal, Manuel Blach Bravo, Mario Docampo García, Milena Rivas Hervada, Minia Esmorís Acevedo, Sabrina Piñeiro Trombotti, Sara Carracedo Ruberte, Teresa Varela Fuentes, Uxía Dablanca Vázquez, Zaira Bello Lodeiro.

PROFESORADO

Carlos Garzo García, Dolores Ferreiro Gómez, Enrique Molezún Mosquera, Jesús Pereiro Varela, José Andrés Mondelo González, Lucía Varela Porteiro, Silvia Yepes Stork, Susana Cabanas Figueroa.

20. COLEXIO SALESIANO SAN JUAN BOSCO



Somos un centro relixioso, de ensinanza concertada, que abarca todas as etapas educativas. Dende a perspectiva de don Bosco, a nosa prioridade é a educación da mocidade a través da relixión, a razón e o corazón. Procuramos a innovación constante para ofrecer a máxima calidade educativa.

ACTIVIDADES

- Demostración de diversas experiencias relacionadas coa electricidade (fabricación dunha pila caseira, regulación da intensidade de luz cunha resistencia feita con mina de lapis, funcionamento dun circuito conmutado, asociación de lámpadas en serie e paralelo). Presentación de proxectos tecnolóxicos diversos con madeira e electricidade.

ALUMNADO

Alumnado de 2ºESO.

PROFESORADO

Ana María Domínguez López, Magdalena Tomé Lojo.



21. IES DIONISIO GAMALLO RIBADEO

Resultado da unión de dous IES anteriores, nas súas instalacións reciben educación máis de 500 alumnos, en sesións de diurno e semipresencial. Seguindo a tradición do antigo IES Porta da Auga, mantense a Feira da Ciencia, que este ano chegou á súa XXIV edición.



ACTIVIDADES

- Especies invasoras. Estudo de casos. Xeoloxía da rasa Cantábrica. Situación xeolóxica da zona. Columna de lume. Vórtice por rotación. Bolas transparentes. Ocultación e descubrimento de obxectos. Polipasto. O uso da polea. Bobina de Tesla. Demostración dunha bobina caseira.

ALUMNADO

A.Aguilar, A.Cagigal, A.Dopico, A.García, A.López-Santos, A.Martínez, C.ElFarssioui, C.Franco, C.García, C.Torejano, D.Alonso, D.Oliveros, E.Blanco, E.Bravo, E.Yáñez, G.Álvarez, H.Asensio, H.Bouyzar, H.Vázquez, I.García, J.Fernández, L.Conde, L. Sánchez, M.Carbajales, M.Fernández, M.Fernández, M.Fernández, M.Folgueiro, M.Gallo, M.García, M.Yanes, N.Álvarez, N.Iglesias, N.Rodríguez, R.Díaz, R.García, S.Acuña, S.García, U.Chimeno, Y.García.



PROFESORADO

Antonio Gregorio, Beatriz González, Iván Vázquez, M^a Jesús Besteiro.

22. IES DAVID BUJÁN. CAMBRE

É un centro público situado en Cambre. A participación en feiras científicas, programas de innovación educativa e proxectos Erasmus+ é xa unha tradición no noso centro. Levamos acudindo ao Día da Ciencia na Rúa desde o seu comezo, cunha grande participación e compromiso do alumnado.

ACTIVIDADES

- Experiencias con fluídos: tensión superficial, capilaridade, man hidráulica, géyser caseiro e outros
- A maxia dos imáns: levitación magnética, rifle de gauss
- Que sabemos sobre a evolución?
- Cando non temos presión: efectos da baixa presión sobre os materiais
- Experiencias con reactivos luminescentes
- A beleza dos cristais
- Impresión 3D: fabricación de pezas para unha centrífuga.

ALUMNADO

Participan 25 alumnos e alumnas de 1º ESO, 5 de 2º ESO, 16 de 3º de ESO, 16 de 4º de ESO e unha alumna de 1º de Bacharelato.

PROFESORADO

Aniana Díaz Gómez, José Viñas Diéguez, Marta Mosquera Rivas, Marta Rúa López.





23. IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

O IES Ramón Otero Pedrayo da Coruña é un centro de Ensinanza Secundaria Obrigatoria. As actividades que presentamos este ano no XXIII Día da Ciencia na Rúa foron promovidas polos departamentos de Matemáticas e Tecnoloxía.



ACTIVIDADES

- Figuras máxicas - Adiviñas numéricas - Quebracabezas matemáticos - Exposición de proxectos de tecnoloxía.

ALUMNADO

Alicia Rodríguez Lamas, Candela Puga Presedo, Carla Novo Romero, Clara Hernáez González, Daniel Maderuelo González, Daniel Mariño Díaz, David Guerra Castelo, Estela Álvarez Fernández, Fernando Conchado Amado, Inés Campos Núñez, Irati Caínzos Sánchez, Irene Bodelón Bermúdez, Laura Varela Lafuente, Lucía López Gómez, Nerea Lema Pailos, Nicolás Patiño Herrero, Rita Calviño Leis, Sara López Sánchez, Vera Castiñeira Patricio, Xavier Loureiro Muiño.

PROFESORADO

Ana Isabel Fraga Couselo, Juan Bort Couceiro.



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

24. IES CALVO SOTELO



Centro da Deputación situado na zona escolar, preto dos Rosais e do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía. Se imparten ciclos formativos de grao superior, de grao medio, e ciclos de Formación Profesional Básica.

ACTIVIDADES

O alumnado e profesorado do departamento de electricidade mostrará como pedaleando nunhas bicicletas, conséguese xerar a suficiente tensión para mover os coches dun circuío de slot.

ALUMNADO

Adán Casas, Alberto Martínez Geriz, Alejandro R. Arufe, Alejandro R. Botana, Damián Martínez, David Barbeito, David Peña, Diego López, Diego Soto, Jasson Poueriet, Marcos Puertas, Mario Guntín, Martín Naveira.

PROFESORADO

Antonio Sánchez, Genaro García, Juan Carlos Tobar, Marta Escribano, Sandra Amigo.



25. IES MENÉNDEZ PIDAL



Somos centro público, no centro da cidade, con ESO, Bacharelato, e Ciclos Formativos con formación integral e un amplo abano de actividades. Este ano alumnado de Tecnoloxía, Bioloxía, co CEE Lourdes con “Deseñando e producindo Son”, desenvolven un proxecto de deseño de obxectos de axuda para visibilizar e integrar as discapacidades.

ACTIVIDADES

Con moito sentido.

ALUMNADO

Adela Dans, Alba Fernández, Alejandro Castro, Alma Carballeira, Andrea Alonso, Andrea Gesto, Andrea Miramontes, Andrés Burgo, Anxo Blanco, Anxo Carballeira, Amalia Barreiro, Brais González, Charlie Mata, Cristina Fontela, Daniel Novoa, Denis González, Desirée Cabada, Diego Fernández, Gloria Romani, Hugo Vázquez, Iago Romar, Icíá Rodríguez, Iria Gómez, Iria Pérez, J. Miguel Ballester, Javier Placer, Kenya Pérez-Galmán, Leonarda Fernádes, Lucas Rodríguez, Marcos Moradillo, Sara Cortiñas, Sara Pereira.

PROFESORADO

Almudena Jiménez, Carlos Lorenzo, Paz Freire Campo.



25. ASPRONAGA . COLEGIO DE EDUCACIÓN ESPECIAL “NUESTRA SEÑORA DE LOURDES”



O Colexio de Educación Especial “Nosa Señora de Lourdes” nace, baixo o patrocinio de ASPRONAGA, no ano 1963. As actividades inícianse o 12 de xaneiro de 1964, en réxime de Padroado da Asociación ASPRONAGA, dependente do Ministerio de Educación e Ciencia e na actualidade conta con 11 unidades.

O centro educativo réxese polos principios de: - Calidade de vida, - mellora continua, - inclusión social, - participación de todos/as, - apoio mutuo. Estes valores pódense levar á práctica grazas a un grupo humano disposto a aportar o seu amplo bagaxe e experiencia profesional na axuda a todos os membros da comunidade educativa, abertos a todas as persoas con discapacidade e ás súas familias.

ACTIVIDADES

- Diversidade impresa. Deseño e impresión 3D para axudar á comunidade xordocega desde a escola.
- Robótica educativa.



26. IES AGRA DO ORZÁN

O IES dos barrios do Ventorrillo e da Agra do Orzán. Participamos cunha proposta dos departamentos de Bioloxía e de Tecnoloxía. Estes departamentos traballan nun Club de Ciencias, Club AgraCITE, en diferentes actividades. Pódense consultar no blog: www.agracite-blog.wordpress.com.

ACTIVIDADES

- AgraCITE-LAB. Material de laboratorio: microscopio óptico, lupa binocular. Sangue artificial. Extracción de ADN nas froitas. Diferenciación de azucres nos alimentos. Ósmose. Catalizadores inorgánicos e orgánicos. A auga osixenada. Estudo do esqueleto humano. - AgraCITE-TEC. Solucións Tecnolóxicas para situacións de supervivencia. Xogos interactivos. Eficiencia enerxética. Presentación de Proxectos de Robótica.

ALUMNADO

1º Bacharelato (Cultura Científica, Bioloxía e Robótica): Adrián, Alejandro, Alicia, Alfonso, Ana, Axel, Candela, Carla, Iria, Laura, María B., Rayza, Román, Sandra, Sandra, Sara, Silvia, Yaiza. 4º ESO (Bioloxía e Tecnoloxía): Alejandro, Andrea, Antón, Araceli, Brais, Brayan, Daniel M., Daniel R., Daniel M., David, Carlos, Jorge, Juan, Lorena, Manuel, María D., María G., María O., Marina, Pablo, Perla, Tania, Valentina, Victoria, Vanessa.

PROFESORADO

Begoña Torreiro Anta, M^a José Martínez Rey, M^a José Mosquera Santé.



27. IES SALVADOR DE MADARIAGA



Instituto emblemático situado no centro da cidade da Coruña. Aglutina a Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Bacharelatos, incluíndo o de Artes Escénicas, Música e Danza, así como Educación Secundaria de Adultos e Bacharelato en réxime nocturno.

ACTIVIDADES

- Os invertebrados. Murais e maquetas dos diversos grupos de invertebrados - Experimentos en física e química. Experimentos sinxelos de diversa índole - O movemento animal en máquinas. Maquetas que emulan o movemento dos animais - Transporte terrestre. Exposición de maquetas de vehículos - Taller de inventos. Exposición de novas ideas, melloras, novos produtos, etc.

ALUMNADO

Abigail, Alex, Alicia, Álvaro, Ana, Andrea, Ángel, Ángela, Antía, Antonella, Ánxela, Aroa, Brais, Bruk, Bruno, David, Carmen, Cristina, Daniel, Dariana, Desalegn, Enmanuel, Erea, Gael, Iago, Icí, Inés, Irene, Iván, Javier, Jenny, Joel, Juan, Karla, Laura, Lucía, Manuel, Mara, María, Mariana, Mario, Marcos, Martín, Martina, Maya, Miguel, Milena, Mireya, Natalia, Nerea, Noé, Olivia, Pablo, Raquel, Sabela, Sara, Sergio, Sira, Soraya, Uxía, Víctor, Violeta, Xiana.

PROFESORADO

Belén Buño Fernández, Carmen Cruz Añón, Eva Fernández Quintás, María Ocampo Legaspi, Paula Neira Díaz.



27. CPI PLURILINGÜE CABO DA AREA LAXE

O CPI plurilingüe Cabo da Area atópase no noroeste de Galicia, no concello de Laxe, que foi declarado oficialmente no ano 2007 Municipio Turístico Galego. Xunto a outros concellos, forma parte da Costa da Morte. O centro é pouco numeroso, consta dun total de 223 rapaces e rapazas distribuídos nas etapas de Infantil, Primaria e Secundaria .



ACTIVIDADES

- Realizaremos 3 ou 4 prácticas relacionadas con reaccións químicas sinxelas.

ALUMNADO

Celia Mira Vigo, Isabel Santos Facal, Lía Devesa Orons, (3º ESO), e Alejandro Álvarez Fernández, Anair Velo Vázquez, Lara Lobelos Lema, Marcos Sampedro Vázquez (4º ESO).

PROFESORADO

Mercedes Lago Valo.



28. IES PLURILINGÜE ELVIÑA

Instituto de Secundaria e Bacharelato do barrio de Elviña, que celebra este curso o seu 40 aniversario.

ACTIVIDADES

- Maxia matemática: xogos de adiviñanza baseados no código binario - Taller de topoloxía: xogos de escapismo, curvas de Jordan pechadas, circuitos eulerianos - Curvas sorprendentes: cicloide, elipse e parábola - Cicloide. Isócrona (caída no mesmo tempo dende distinta altura) e braquistócrona (curva de descenso máis rápido) - Billar francés elíptico. Carambola segura! - Billar americano parabólico. Gañas sempre!

ALUMNADO

Antía Mayán García, Daniela Bernal García, Fernando Javier Álvarez Guillemet, Hugo Mario García Santodomingo, Iago López Mantiñán, José Marcos López Gómez, Lucía Castro Seoane, Lucía López Romero, Lucía Santiso Castro, Martín Vázquez Castro, Nicolás Muñiz Rodríguez, Rubén Iglesias Lourido, Sheila Mouzo Baña, Silvia Costa Pita, Valeria Rodríguez Iglesias, Víctor Sala Dávila, Xavier Carvajal Beltrán.

PROFESORADO

Isabel Muínelo,
Javier de la Iglesia,
Juan I. Martínez,
Rosa Lozano,
Pedro Martín, Silvia
Veciño.





29. IES UNIVERSIDADE LABORAL CULLEREDO

Está situada en Acea de Ama, no Concello de Culleredo. A andadura do centro iniciouse en 1964 co nome de Universidade Laboral “Crucero Baleares”, con dependencia do Ministerio de Traballo. Na actualidade está transferido á Xunta de Galicia coa denominación de IES “Universidade Laboral”. Imparte diferentes materias de Ciclos Formativos e de Bacharelato na modalidade de seccións bilingües.

ACTIVIDADES

- A natureza da materia e as súas propiedades físicas. Motor Stirling - Cambios químicos. Reacción exotérmica da pataca, serpe de Faraón, reacción oscilante nunha botella - Automatización dunha porta de garaxe - Guindastre para transporte de mercadorías. Maqueta dun guindastre implementado cun autómatas - Experimentos de electromagnetismo: Oersted, campo magnético e corrente eléctrica, forza de Lorentz, solenoide xiratorio, campo magnético nos motores.

ALUMNADO

Aloia Camoiras, Ana Espiñeira, Antón Canzobre Antón Moreno, Anxo Abuelo, Desirée Ochoa, Ismael Bocija, Marina Quindimil, Nicole Matheus, Ricardo Hidalgo. Andrés Novo, Sara Veira. Aaron Alvarellos, Alejandro Valdés, Andrés Casanovas, Axel Sestelo, Brais Méndez, Brais Reborido, Christian Varela, Daniel Otero, David Gerpe, Eduardo Búa, Héctor Pardo, Iván Fraga, Guillermo Susacasa, Jacobo Pena, Javier Fraga, Javier García, Javier Iglesias, Jonathan Gómez, Jordán Torrado, Jorge Martínez, José Alejandro Meizoso, José Santos, Juan Pardo, Juan Paz, Lidia Ageitos, Nicolás Estua, Rafael Piñeiro.



PROFESORADO

Alma Figueroa, Fernando Vidal, Sandra María Pouso.

30. IESP NEIRA VILAS

OLEIROS



Instituto de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato Pluri-lingüe. Construído no 1989 e ampliado no 2000. Conta con aula de audiovisuais, dúas de informática, de música, de debuxo, un taller de tecnoloxía e ximnasio; laboratorios de física, química e bioloxía; biblioteca e salón de actos.

ACTIVIDADES

- “Paisaxe celular”: maquetas de células e tecidos. Actividade interactiva con QR para adiviñar a “paisaxe microscópica”
- Nutrición: cantidade de azucre que hai nas bebidas refrescantes e recetas equilibradas con QR e sorpresa
- Saponificación: cómo facer xabóns e actividade interactiva para facelos maxicamente nuns segundos
- Esencias - Física: Actividades de presión atmosférica, equilibrio, fluidos non newtonianos, péndulos.

ALUMNADO

Adrián Vázquez, Allison Marcelo, Clara Bode, Daniel Torres, Danna Quiñones, Habril Fajardo, Ivani Naya, Javier Argibay, José Vázquez, Julia Concheiro, Lucía Hermida, Marta Alonso, Marta Rodríguez, Mateo Sabuz, Nacho Valeiras, Sarai Muiños e Xaquín Fernández.

PROFESORADO

Antonio Varela, Blanca Rodríguez, Eva Facal, Laura Fernández, María José Fandiño Río e Ramón Romero.



31. IES MONTE DAS MOAS



É un centro de Ensino Secundario que comezou a funcionar no ano 1988. Está situado no barrio dos Castros e oferta ensinanzas de ESO e Bacharelato.

Máis información

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontemoas/>

ACTIVIDADES

- Unha viaxe á física a través dos globos: mediante carreiras con obxectos impulsados por globos, observaremos procesos como: electrización da materia, forza de rozamento.
- Experimenta coa química soplando: o dióxido de carbono procedente da nosa respiración é capaz de provocar reaccións químicas.
- Equilibrios xiroscópicos: observaremos o comportamento dun xiroscopio caseiro ao aplicarlle forzas externas.

ALUMNADO

Adrián Díaz Saiz, Águeda Millán Pena, Ainhoa Mosteiro Lago, Candy Ladero Fernández-Tafall, David Pérez Montero, Denis Socpa Gómez, Eva Peña Porto, Franchesco Laccone Cariglia, Icíá Díaz Kirk, Jelissa Ortiz Santana, Jorge Franco Pan, Laura Neira Moroño, Lois Sobrido Fero, Luz Pose Reinoso, Lydia Sandá Ceileiro, Marcos Yáñez Aneiros, Nicole Pimentel Veras, Noor Medina García, Olga Fernández Marta, Rebeca Vila Villar, Sara Sanz Fonta, Sergio Castro Mosquera, Sofía Gómez Limia.



PROFESORADO

Begoña Fandiño
Souto, Hervilia Seco
Lago, Julio Cordeiro
Vázquez, Martín
Regueiro Figueroa.

32. IES DE MUGARDOS FERROL



Fundouse hai algo máis de 25 anos. Temos Secundaria, Bacharelato, e F.P. básica de xardinería.

ACTIVIDADES

- Faremos reaccións químicas exotérmicas e outras. Tamén levaremos algún xogo electrónico que funciona con pilas.

ALUMNADO

Alba Payo, Ana Rumbo, Andrea Urloiu, Carla Amenedo, Elizabeth Gañán, Helen Núñez, Lucía Mei, Sabela Martínez, Sara Rodríguez, Sigrid González, Uxía García, Xoana Pérez.

PROFESORADO

Carmen Bernabeu, Esther Rodríguez.



33. IES DE PASTORIZA

ARTEIXO



É un centro educativo de titularidade pública situado na localidade de Pastoriza, dentro da área de influencia metropolitana da Coruña. No centro impártense de 1º a 4º curso da ESO. O proxecto educativo do centro potencia a integración das TIC.



ACTIVIDADES

- **Bioloxía e Química:** presentación de bioelementos necesarios para o ser humano. Detección destes bioelementos en diferentes alimentos - **Matemáticas:** construción de fullerenos e nanotubos con papiroflexia - **Tecnoloxía:** experiencias de robótica e impresión 3D. Proxecto colaborativo de impresión 3D para a construción de cúpulas de Leonardo.

ALUMNADO

Alba Gómez, Alba Velo, Alex Brenlla, Ayrton do Rosario, Carla Cambón, Cristina González, Dani Fernández, Edwyn Lezama, Eva Barbeito, Fátima Casás, Henrique Lourenço, Irene Boedo, Laura García, Laura Quintáns, Lucía Mouzo, Lucía Rabuñal, Marcos Quiroga, María Bahamonde, Michelle López, Natalia Varela, Olga Domínguez, Patri Pérez, Rebeca Mourelle, Rodrigo López, Sabela Albariño, Samuel Barral, Sandra Sueiro, Sara Rodríguez, Sara Villar, Teresa Muscó, Valentina Vázquez.

PROFESORADO

Celia Bello, Covadonga Bárcena, Javier Cal, Loli Blanco, Sandra Sambade, Teresa Mancebo.



34. IES EDUARDO BLANCO AMOR CULLEREDO



Impartimos os ensinamentos de ESO e Bacharelato contando con máis de 500 alumnos e alumnas. Gran parte dos nosos esforzos están dedicados á mellora da calidade educativa.

ACTIVIDADES

- Mostra de proxectos tecnolóxicos realizados por alumnos e alumnas de 2º da ESO. Quen decida achegarse ao noso expositor poderá gozar de maquetas funcionais que aproveitan a enerxía eléctrica para diversas aplicacións. Recréanse grandes inventos da historia como a lámpada de Edison, un motor de corrente continua, un altofalante e o tataravó do noso whatsapp, o telégrafo.

ALUMNOS

Alumnado de 2º de E.S.O. (clases: A, B, C e D).

PROFESORES

Liz García, María Teresa Naveira Bellón, Juan Luis.



35. IES MARÍA CASARES

OLEIROS



É un centro punteiro na implantación das TIC, conta xa con 25 anos de historia. Impártense a ESO e o Bacharelato de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais. Os profesores do seu Club de Ciencia comparten coñecementos co alumnado para levar a cabo diversos proxectos.

ACTIVIDADES

- Xogando coa ciencia. O Club de Ciencia busca despertar o interese do alumnado ensinando doutro xeito. Presentamos 3 xogos: un para poñer a proba os coñecementos do público sobre as fontes de azucre saudables, outro para sumar e restar números enteiros dunha forma moi visual e, por último, outro no que a maxia da química permitiralles comprender algúns fenómenos da vida cotiá.

ALUMNOS

Ainhoa Ríos Mosquera, Alejandro Álvarez Abad, Ana Lamas Rodríguez, Andrea Lage Martínez, Andrea Villar Núñez, Carla Collazo Martínez, Carolina Rodríguez Bares, Claudia Alonso Rodríguez, Lara Simal Penado, Lola Cancelo Suárez, Lucía López Budiño, Luis Barba Cepedello, Manuel Lamas Sánchez, María Rascado Viña, Martina García Castelos, Natalia Padín Cornide, Niccoló Spadano Moreno, Noa Fernández Rodríguez, Paula Lemos Presno, Sabela Lage Rivera, Sara Xiahe Cogdill López.



PROFESORES

Consuelo Castro
Vázquez, Fernán García
González, María Temes
Casas, María José
Fernández Yáñez.

36. IES SOFIA CASANOVA FERROL



É un instituto público situado en Ferrol, coñecido como O Feminino. É un centro grande, con máis de cincocentos alumnos e alumnas e 60 docentes. Neste centro tanto o alumnado coma o profesorado está moi implicado, temos un club de ciencia, club de lectura e club de manga.

ACTIVIDADES

- Xogando coa Química.
- Experimentando coa Física.
- Investigando ecosistemas.
- Soft Circuits.

ALUMNOS

Alba González, Alejandro Rodríguez, Álvaro Caínzos, Ana Rivas, Andrea Rodríguez, Daniel Dapena, David Gutiérrez, Diego Picos, Eugenia Herrero, Javier Sánchez, Jorge Cabanas, Laura López, Manuela Iglesias, María López, María Rodríguez, Marta Rodríguez, Pablo Rodríguez, Roi Río, Sabela Deibe, Sabela López, Sara Pena, Tomás Losada.

PROFESORES

Alba, Alberto, Beatriz, Cristina, Eva, Gloria, Raquel, Rocío, Sabela, Teresa.



37. ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MONTE ALTO



Somos unha escola infantil de concesión municipal desde o ano 1987, situada no populoso barrio de Monte Alto da Coruña. Desde o ano 2003 temos alumnado de primeiro ciclo de educación infantil e unha capacidade de 41 nenos e nenas.

ACTIVIDADES

- Menudo barullo. É certo que o son nos rodea, envólvenos e está en moitas ocasións excesivamente presente nas nosas vidas, pero aínda así non o vemos. É obvio que é máis sinxelo experimentar con todo o que a man e a mirada poden atrapar. Iniciamos de novo unha experiencia onde o sentido auditivo alcanza unha maior relevancia fronte ao visual e táctil - Sons por un tubo - Zona de baile - Panel - Sons do Corpo - Maqueta de oído.

ALUMNOS

Todo o alumnado do actual curso 2017/18 das aulas de cunas, aula grande e cacho-cole.

PROFESORES

Andrea Sandá, Carmen Méndez, Juana Toucedo, María Jesús Rodríguez, Montse Sancho Paula Martínez.



38. ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS CATIVOS



Os nenos e nenas desenvolven a súa autonomía, colaboran de forma activa e responsable. Resolven diferentes enigmas con ferramentas como a curiosidade, a capacidade de observar e emocionarse, nun ambiente rico en experiencias que estimulen a súa imaxinación.

ACTIVIDADES

-Laboratorio científico: imos experimentar con tubos, caixas e rodas. Proponeremos actividades que requiran manipulación de materiais e potencien a súa creatividade. Roda sonora, péndulos, noras, caixa de manipulación, caixas para clasificar, caixas-imáns, circuítos con tubos.

ALUMNOS

Os nenos e as nenas do curso escolar actual 2017/2018.

PROFESORES

Alba, Ana, Chus, Emi, Fernando, Lorena, Luisa, Marisol, Mayte, Natalia, Silvia, Sonia e Susana.



40. CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

SADA



Ten como principal obxectivo o desenvolvemento integral das capacidades dos alumnos e das alumnas con múltiples plans e proxectos de diversa índole, favorecendo a socialización do alumnado que propicie a consecución de destrezas para a súa integración.

ACTIVIDADES

- Buxainas recicladas - Descompoñemos a luz - Hologramas - Magnetismos máxicos - Vermes de seda - Xogos matemáticos.

ALUMNOS

Representación de 6ºB de EI, 3º e 4º de Educación Primaria.

PROFESORES

Carlos Sánchez, Carmen Fafián, Gloria Gómez, M. Alicia Vázquez, M. Pilar López, Raquel Vilar.



41. CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL



Está no concello de Carral. O nome do noso colexio débese á xenerosidade do home que lle da nome. Non podemos esquecer a historia do concello no que se atopa o noso colexio, o feito máis importante e polo que quizáis é máis coñecido, o Levantamento no ano 1846 co fusilamento dos Mártires de Carral.

ACTIVIDADES

- O bo uso do inodoro, para cuidar os noso océanos.
- Curiosidades sobre os caracois de xardín.
- Mostraremos algúns robots e como podemos traballar con eles.

ALUMNOS

Alumnos e alumnas de 5º A e B de Educación Primaria.

PROFESORES

Mirian Blanco Queijeiro.



42. FACULTADE DE CIENCIAS DA UDC

Impártense os estudos de Grao en Bioloxía, Química e a simultaneidade nos Graos de Bioloxía e Química e dous Mestrados en Química e seis en Bioloxía de especialización en diversas ramas científicas.

ACTIVIDADES

- Que a Física te acompañe - E “enzima” límpanche! - Reaccionando con levaduras - A Ciencia na nosa vida cotiá - A Química pode protexer o medio ambiente - Como o Laboratorio de Consumo de Galicia (Xunta de Galicia) vela pola seguridade dos produtos que usamos.

PARTICIPANTES

Adrián Fernández Doval, Agustín Rico, Aida Barreiro Alonso, Alatzne Carlosena Zubieta, Ana Mosquera, Andrés Martínez Lage, Carlos Mariño Goday, Carlota Paz Quintás, Elba Iglesias Cambón, Esther Rguez. Belmonte, Esther Rilo Siso, Francisco López Pérez, Isabel Turnes Carou, Joel Sánchez Piñero, Jorge Sequeiros Pereira, Juan José Escuder, Juana Ferreiro López-Rioboo, Luis Alfonso Rico Varela, Luisa M. Segade Zas, Manuel Becerra, Marcos Domínguez Codesal, María Cámara, María Fernández Amado, Mónica Lamas Maceiras, Montserrat Domínguez Pérez, Natalia Crespo García, Óscar Cabeza Gras, Pedro Mosquera Naveira, Purificación López Mahía, Sandra M. García-Garabal Mosquera.





43. E.T.S. DE ENXEÑERÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS - UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña comezou as súas actividades académicas no curso 1991/1992. Situada no Campus de Elviña da cidade da Coruña, é xunto co Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil da UDC e a Fundación da Enxeñería Civil de Galicia un referente en Galicia e en España no ámbito da enxeñería civil, tanto nos seus aspectos docentes como de investigación, innovación tecnolóxica e transferencia de coñecemento. Na actualidade a Escola ten adaptada ao Espazo Europeo de Educación Superior a súa oferta académica, que conduce á formación nas titulacións profesionais de Enxeñeiro de Obras Públicas e de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. Máis información na web <http://camiños.udc.es>

ACTIVIDADES

- A enxeñería civil está detrás da maior parte das actividades que todos levamos a cabo na nosa vida diaria: abrir un billa, tirar da cadea do váter, acender a luz, ir ao colexio, xogar un partido de fútbol, ir de vacacións... O noso obxectivo fundamental é achegar a enxeñería civil á sociedade e en especial aos estudantes mediante unha serie de actividades e experimentos.
- Sabes a diferenza entre unha ponte atirantada e unha ponte de arco? Connosco poderás descubri-lo, axudarnos a construír unha ponte... e cruzala, se te atreves.
- Os enxeñeiros deseñamos e construímos estruturas resistentes, pero para saber canto resiste un material, hai que facer ensaios de rotura. Romperemos pezas de diferentes materiais e compararemos as súas resistencias. Tamén veremos como inflúe o tamaño: unha cousa que é o dobre de grande... resiste o dobre?
- Que é o formigón e como se fabrica? Pódese facer formigón con cunchas de mexillón? E con frescos no canto de auga? Como cambian as súas propiedades ao variar os compoñentes? Amasa e fabrica un calcapais de formigón.
- Como conseguimos facer que unha chea de area se convirta nun bloque ríxido ao que nos podemos subir sen se esborrallar? E como se transforma o chan en áreas movedizas?
- Achégate ao proxecto das estruturas simulando a túa propia ponte por ordenador. A primeira regra: que a ponte sexa capaz de aguantarse a si mesma! Logo xa veremos se é capaz de resistir o tráfico...

44. INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA

É un organismo público de investigación creado en 1914. Dedicase á investigación en ciencias mariñas, especialmente no relacionado co coñecemento científico dos océanos, a sustentabilidade dos recursos pesqueiros e o medio ambiente mariño.

ACTIVIDADES

- Experimentando no mar. A través de amenas experiencias coñeceremos curiosidades científicas tales como a circulación oceánica, as propiedades da auga de mar, etc.
- A pesca sostible. Explicaremos como estudamos os peixes e os caladoiros para conseguir unha pesca ambientalmente responsable.
- Traballo a bordo. Ensinaremos os aparellos que levamos nos barcos para recoller as mostras mariñas.

PARTICIPANTES

Jorge Lorenzo Salamanca, Juan Fernández Feijoo, Manuel Vázquez Brañas, María de los Ángeles Louro Pico, María Jesús Llevot Sánchez, Urbano Autón Díaz.



45. SERVICIO MUNICIPAL DE EDUCACION



Desenvolve en 17 CEIP o Programa de Ocio Educativo (POE), xestionado pola Fed. Prov. de ANPAS de Centros Públicos. Destinado a escolares 6º de EI e de 1º a 4º de EP, ofrece semanalmente o obradoiro “Eureka!” co obxectivo de achegarlles á ciencia.

ACTIVIDADES

A maxia da ciencia. A realidade que percibimos constrúese a partir do que nos chega a través dos sentidos, o que as veces engana dalgún xeito ao cerebro. Isto que parece maxia ten unha base científica, polo que a proposta do POE presenta un conxunto de experiencias nas que se pode comprobar a base científica que teñen algúns trucos de maxia baseados en ilusións ópticas, lóxica matemática e experimentos científicos.

PARTICIPANTES

De 9.30 a 15.00 h: Ainara Mailán, Cristina Blanco, Darío Silva, Iria Pazos, Marta González Xandre Fernández.

De 15:00 a 19:00 h: Andrea García, Ainara Mailán, Carmen Peñalver, Martina Velo, Sonia Canosa.



46. AXENCIA GALEGA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

